

## ALUMNADO MENTOR DA FACULDADE DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN

O Plan de Acción Titorial é un plan da Universidade da Coruña para atención e apoio ao alumnado ao longo da súa vida universitaria. Para elo cada estudante da Facultade de Ciencias da Comunicación conta con docentes que asumen a súa titorización ao longo do seu paso polo Centro.

Na procura de reforzar esta axuda e facilitar a transición á vida universitaria do alumnado de novo ingreso (primeiro), no vindeiro curso 2023-2024 a Facultade de Ciencias da Comunicación vai continuar co desenvolvemento da experiencia de Alumnado Mentor.

Este programa está dirixido a estudantado que no curso 2023/24 vaia cursar 3º ou 4º do Grao de Comunicación Audiovisual ou do Grao de Creación Dixital, animación e Videoxogos, e que teñan dispoñibilidade e ganas de aprender e compartir a súa experiencia na universidade-facultade-grao co alumnado de primeiro.

Compromiso do alumnado mentor:

- Colaborar no desenvolvemento de actividades do Plan de Acción Titorial.
- Brindar información e apoio a compañeiros/as (sobre plan de estudos, actividades do centro, a universidade...)
- Fomentar a participación en actividades de xestión do centro
- Informar do desenvolvemento da súa labor de mentoría

Esta labor de mentoría será recoñecida cun certificado de participación emitido polo CUFIE así como con 1,5 créditos ECTS por cada cuatrimestre no que realicen esta función.

Nesta experiencia ofértanse un total de cinco prazas de alumnado mentor para cada un dos graos, que se cubrirán por orde de solicitude (dando preferencia ao alumnado que asumiu esta función no curso anterior).

Para solicitálas débese cumprimentar o [seguinte cuestionario](#) antes do luns 4 de setembro.

A Coruña, a 19 de xuño de 2023

Teresa Piñeiro Otero

Coordinadora do PAT Facultade de Ciencias da Comunicación